

# Os patos e o sapo



Nun estanque vivían felices dous patos e un sapo. Pero un día, por mor dunha seca, o estanque quedou case sen auga.

Daquela os dous patos decidiron voar deica un sitio mellor.  E foron despedirse do amigo sapo. Este apenouse moito. A el gustaríalle poder marchar voando tamén. Entón, os patos decidiron levalo con eles. Colleron un pau coas patas e o sapo agarrouse so pau coa boca.

Durante o voo, o sapo emocionado falou:

-Vaia, que alto imos!



E ao abrir a boca, soltou o pau e caeu. Por sorte foi parar a un regato. E alí coñeceu novos sapos.

Albert Jané, Libro dos animais. (Adaptación)

LIVEWORKSHEETS





**Onde vivían os patos e o sapo?**

■ No mar. ■ Nun río. ■ Nun estanque.

**Por que caeu o sapo?**

■ Porque abriu a boca e soltou o pau.

■ Porque os patos soltaron o pau.

**Escolle a orde na que suceden os feitos:**

Os patos levan o sapo.

O estanque non ten auga.

O sapo cae no regato.

1 ______

2 ______

3 ______





LIVEWORKSHEETS